

## NORMATIVA CAMPIONATO PROVINCIAL XOGADE

### CAMPO A TRAVÉS PONTEVEDRA 2021-2022

A Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia en colaboración coas Agrupacións Deportivas Escolares organizan esta competición destinada aos deportistas das distintas entidades participantes no programa XOGADE.

Esta proposta foi realizada tendo en conta o contexto da situación sanitaria na que nos atopamos. A actividade respectará o protocolo FISICOVID da Federación Galega de Atletismo.

### NORMATIVA

**Art. 1.- Data e lugar.** Esta competición levarase a cabo o domingo 13 de febreiro na **Azucareira de Portas**.

**Art. 2.- Categorías.** A proba está destinada ás seguintes categorías: **benxamíns** (2013 -2014), **alevíns** (2011-2012) **infantís** (2010-2009) e **cadetes** (2008-2007) nenos e nenas. As carreiras organizáranse por categoría e por sexo, facendo saídas cada 20" por quendas dun máximo de 20 participantes cada unha. Na categoría cadete haberá unha única saída para nenos e outra para nenas.

**Art. 3.- Mutualidade.** Poderán intervir aqueles deportistas das citadas categorías que estean dados de alta na modalidade de campo a través do programa XOGADE formando parte da súa entidade correspondente.

**Art. 4.- Inscripcións.** A inscrición dos/as participantes rematará o domingo día 6 ás 23:59 h. e farase utilizando a plataforma ISIS da RFEA. No caso de non ter acceso a dita plataforma deberán enviar unha folla de cálculo cos datos dos participantes ao email: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal). Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial. As entidades deberán indicar a orde de preferencia dos seus atletas para a organización das quendas, no caso de non indicalo adxudicárase a quenda aleatoriamente.

**Art. 5.- Dorsais.** Os/as participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ter coma consecuencia a ausencia do/a deportista nos resultados finais.

**Art. 5.1- Entrega dorsais.**

Para as categorías **benxamín, alevín e infantil** entregaranse a un responsable da entidade a partir das 10:00 h., nestas categorías **non se entregarán dorsais individualmente**. Os deportistas da categoría **cadete** recollerán a partir das 9:30 h. o seu dorsal de forma **individual** na cámara de chamadas previa presentación do **certificado de vacinación** que deberá ser **validado dixitalmente** pola organización antes da entrega do mesmo.

**Art. 6.- Horario definitivo distancias e percorridos. (Circuitos ao final do documento)**

Apertura Cámara	Peche Cámara	Hora	Categoría	Distancia	Percorrido
9:55	10:00	10:15	Cadete Fem	2400 m.	1V Rosa + 1V Azul
10:15	10:20	10:35	Cadete Mas	2400 m.	1V Rosa + 1V Azul
10:35	10:40	10:55	Infantil Fem	1800 m.	1V Azul
10:55	11:00	11:15	Infantil Mas	1800 m.	1V Azul
11:15	11:20	11:35	Alevín Fem	1300 m.	1V Vermella
11:35	11:40	11:55	Alevín Mas	1300 m.	1V Vermella
11:55	12:00	12:15	Benxamín Fem	800 m.	1V Verde
12:10	12:15	12:30	Benxamín Mas	800 m.	1V Verde

**Art. 7.- Resultados.** Realizarase unha clasificación individual, segundo os tempos de entrada en meta, e outra por equipos; para cada unha das categorías. A clasificación por equipos será elaborada só cos atletas (6 máximo) dos equipos que entren na meta co mínimo esixido para clasificar, que é de tres (en cadetes) ou catro (no resto de categorías) atletas por entidade. Sumaranse os postos destes tres/catro, resultando vencedor o equipo que menos puntos sume. Para elaborar esta clasificación, eliminaranse os postos dos deportistas que non teñan equipo completo. En caso de empate resultará vencedor o equipo que teña o mellor posto individual.

**Art. 8.- Composición de equipos.** Os equipos estarán formados polos seis primeiros deportistas que entren na meta de cada categoría e sexo, polo que non será necesario indicar os compoñentes de cada un na inscrición. Na clasificación final por equipos recolleranse un máximo de dous por entidade indicándose co engadido “A” e “B”.

**Art. 9.- Premios.** Haberá medallas para os/as tres primeiros/as clasificados/as individuais de cada categoría e sexo en cada unha das fases. No apartado de equipos haberá medallas para os tres mellores equipos clasificados de cada categoría e sexo.

**Art. 10.- Sistema de clasificación.** Para a fase autonómica (alevín, infantil e cadete) clasificarán os dez primeiros atletas individuais así coma os dous mellores equipos de cada categoría e sexo (os equipos estarán compostos por un máximo de 6 e un mínimo de 3 en cadetes e 4 no resto de categorías). No caso de producirse renuncias da clasificación individual non se farán “repescas” dos seguintes clasificados/as. Os atletas clasificados individualmente que formen parte dun equipo, non contarán para o reconto de clasificados. *Exemplo: O “Equipo A” foi o primeiro equipo clasificado, con 3 atletas entre os 10 primeiros, clasificarían as posicións 11, 12 e 13 para a fase autonómica.*

**Art. 11.- Desprazamentos.** No caso de precisar autobús, realizar a solicitude contactando no email: [transporte-xogade.pontevedra@xunta.es](mailto:transporte-xogade.pontevedra@xunta.es). Indicando o número de prazas necesarias para participantes e representantes das entidades.

**Art. 12.- Protocolo.**

#### **Atletas de categoría cadete**

- Antes da entrega do dorsal deberán presentar certificado de vacinación COVID ou da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba; ou certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.
- Haberá unha única saída, todos os participantes deberán portar máscara no inicio da proba podendo retirala no momento que se garanta a distancia de seguridade durante o transcurso da proba, na chegada a meta os participantes deberán colocala novamente. No caso de ser necesario a organización facilitará máscaras de reposto.

#### **Atletas de categoría benxamín, alevín e infantil**

- Declaración responsable programa Xogade entregada a entidade correspondente.
- ***Saídas en quendas de ata 20 participantes. Todos os participantes deberán portar máscara no inicio da proba podendo retirala no momento que se garanta a distancia de seguridade durante o transcurso da proba. A cadencia entre quendas será dun mínimo de 20 segundos. Unha vez finalizada a carreira, o atleta deberá colocar a máscara, empregando unha persoal ou a facilitada pola organización.***

**Art. 11.- Outros.** Todo o non disposto neste regulamento resolverase de acordo á normativa XOGADE e atendendo ao descrito no protocolo FISICOVID da Federación Galega de Atletismo.


### PLANO XERAL




Ubicación: <https://goo.gl/maps/Lejkw5JWtimdGKXg9>

### CIRCUÍTOS


CADETES ( 1 Volta Rosa + 1 Volta Azul)



**INFANTÍS ( 1 volta Azul)**



**ALEVÍNS (1 volta vermella)**



**BENXAMÍNS (1 volta verde)**

